

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 18 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Ángel Rodríguez Conde
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
(Vicepresidente, en funcións de presidente)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
María Magdalena Pérez Millares
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Outros intervenientes:

María Elena Espinosa Mangana
Julio García Comesaña

Letrado:

Juan Carlos Caride Puente



A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, e previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en cuarto e quinto lugar as iniciativas que figuran en primeiro e segundo lugar, respectivamente.

Punto único.- Propositions non de lei

- 1.1 15962 (12/PNC-001543)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego con relación á
elaboración dunha convocatoria de axudas destinadas para compensar
as perdas económicas derivadas da paralización da actividade en
bancos marisqueiros, así como sobre a inclusión nesta convocatoria de
criterios realistas e de procedementos de concesión áxiles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

O **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, procede á defensa da iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, que xustifica o apoio do seu grupo parlamentario á proposición non de lei defendida

Auséntase da sala a presidenta e incorpórase o señor García Comesaña, Julio que pasa a substituíla en calidade de membro da Comisión. Ocupa a Presidencia o señor Rodríguez Conde, Ángel, vicepresidente en funcións de presidente.

Nesta mesma rolda intervén por parte do **G.P. Popular de Galicia** o **señor Santamaría González, Raúl**, quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas pola voceira e polo voceiro que o precederon no uso da palabra, motiva o posicionamento do seu grupo en contra da proposta de referencia.

O **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto Rey (S)**, fai uso da rolda de puntualización para incidir na importancia da iniciativa, logo de amosarse en desacordo con moitas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.



- 1.2 18876 (12/PNC-001729)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a
posibilidade de que a Comisión Europea inclúa a anguña no apéndice I
do convenio internacional CITES
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f1, do 06.02.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Auséntase da sala a señora Espinosa Mangana, María Elena (S) e incorpórase o señor López Font, Carlos.

Nesta mesma rolda de posicionamento toma a palabra o **señor Fernández Rosende, Jesús María (P)**, tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora proponente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e anuncia o apoio do seu grupo á mesma.

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, fai uso da súa rolda de puntualizacións para agradecer o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

- 1.3 18947 (12/PNC-001741)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia diante da
situación dos bancos marisqueiros da ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f1, do 06.02.2025

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.



A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, para posicionarse a favor da proposición non de lei defendida, sinalando que é coincidente con outras iniciativas presentadas polo seu grupo parlamentario.

Nesta mesma rolda o **señor Santamaría González, Raúl (P)**, tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polo proponente, defende a postura da Xunta de Galicia e solicita que o texto resolutivo se someta a votación por puntos. En cuxo caso, caso o grupo ao que representa apoiaría os puntos 1, 4 e 5 do mesmo.

Na rolda de puntualizacións a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, expón diversas discrepancias coa intervención do voceiro do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia.

1.4 14711 (12/PNC-001437)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno central co fin de definir a postura de España en materia de
comercialización de produtos pesqueiros ante as negociacións do
acordo de libre comercio da Unión Europea con Tailandia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 123, do 27.11.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (documento número 20293), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. (*Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento*).

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, que procede á defensa da iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor López Font, Carlos (S)**, que, logo de agradecer aos voceiros que teñan posibilitado a alteración da orde do día, pasa a explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo, que agarda sexa tida en conta.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora González Iglesias, Carmela (BNG)**, comenta as anteriores intervencións e posiciónase a prol da proposta.



Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, agradece o posicionamento favorable do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e motiva a non aceptación da emenda.

Neste intre a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, plantexa unha cuestión de orde consistente en coñecer as substitucións do señor Comesaña García, Julio e do señor Rodríguez Conde, Ángel. A este respecto acláreselle que o señor Rodríguez Conde substitúe á señora Mouzo Mas, Paula (vicepresidenta), polo tanto está actuando como vicepresidente en funcións de presidente. Asemade o señor Comesaña García, Julio substitúe á señora García González, Patricia (presidenta) en calidade de membro da Comisión.

1.5 14832 (12/PNC-001448)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á cobertura sanitaria en Galicia do Instituto Social da Mariña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 127, do 04.12.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición de un novo punto 3 por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 20305), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

A continuación concédelle a palabra á **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Pérez López, José Daniel (BNG)**, que pasa a explicar o sentido da súa emenda, e adianta o apoio á iniciativa.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, o **señor López Font, Carlos (S)**, expón diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións e non comparte o que se demanda con esta proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P)**, logo de agradecer o apoio amosado polo voceiro G.P. Bloque Nacionalista Galego e argumentar as razóns polas que non acepta a súa emenda, critica a intervención do voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia.



Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1 4711 (12/PNC-001437), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **aprobado** por.

Votos a favor:..... **14** (G.P.P+BNG)

Votos en contra: **2** (G.P.S)

Abstencións: **0**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante a Comisión Europea:

1. A exclusión total do atún do Acordo de Libre Comercio con Tailandia e, por tanto, do proceso de liberalización arancelaria; adquirindo o Goberno de España un compromiso firme e activo con esta posición e liderando a mesma en Europa como unha liña vermella a non traspasar.

2. O establecemento de normas sólidas e equitativas que garantan a igualdade de condicións entre Tailandia e a Unión Europea que evite a competencia desleal en todos os produtos pesqueiros.»

2 14832 (12/PNC-001448), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **aprobado** por.

Votos a favor:..... **14** (G.P.P+BNG)

Votos en contra: **2** (G.P.S)

Abstencións: **0**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar:

1. Contratar de xeito urxente o persoal necesario para cubrir as necesidades dos centros de atención dos mariñeiros da Comunidade Autónoma de competencia do Instituto Social da Mariña (ISM).

2. Dotar o ISM dos medios materiais e tecnolóxicos necesarios para axilizar os recoñecementos médicos que debe realizar en Galicia.

3. Establecer un plan de continxencia que permita atender inmediatamente as necesidades dos mariñeiros mentres se realizan as contratacións e melloras necesarias citadas nos puntos anteriores.

4. Impulsar convenios de colaboración con outras institucións sanitarias para garantir a cobertura médica dos mariñeiros en caso de saturación do ISM.»



3 15962 (12/PNC-001543), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7

Votos en contra: 9

Abstencións: 0

4 18876 (12/PNC-001729), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas con dereito a voto.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a Remitir os seus informes supostamente positivos sobre o estado da poboación da anguía en Galicia aos grupos parlamentarios da Cámara e a facelos valer diante do Goberno español e da Comisión Europea co obxecto de evitar novas medidas gravosas para a frota galega.

Reclamar ao Goberno do Estado e á UE todos os informes científicos nos que se basearía a proposta da inclusión da anguía no apéndice I de CITES, así como a planificación e aprobación das medidas necesarias para paliar a situación económica e social á que se pode ver abocada a frota galega desa especie no caso de se aprobar definitivamente no mes de novembro.

Avanzar na súa propia planificación de medidas a levar a cabo para atender os posibles prexuízos socioeconómicos que pode comportar a inclusión da anguía no apéndice I de CITES.»

5 18947 (12/PNC-001741), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal posto que a propoñente manifesta neste intre que non acepta a votación por puntos. Resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7

Votos en contra: 9

Abstencións: 0

Remata a sesión ás 13:15 horas.

V. e pr.

Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión